

**ASOCIACIÓN de DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS**

Memoria anual 2017





ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Programa
sobre el Hombre
y la Biosfera

ÍNDICE

Benvinda a esta memoria!	4
A Asociación nunha ollada no ano 2017	6
Así somos, coñécenos	7
Descobre a nosa historia	9
O noso modelo organizativo	10
Así traballamos.....	14
Así coidamos e valorizamos o noso territorio.....	19
A Medida LEADER 2014-2020	47
Resultados económicos.....	58
Esperamos as túas suxestións	60

Benvida a esta memoria!



Reunión Xunta Directiva. Novembro 2017 (A Senra. Bergondo)

Con esta publicación pretendemos dar a coñecer o traballo e resultados acadados durante o ano 2017, tendo sido moi relevante a posta en marcha da Medida LEADER 2017-2018, facilitando o acceso ao financiamento de proxectos clave para a xeración de emprego no territorio.

A Medida LEADER está sendo estratéxica para promover a creación de novos servizos e o emprendemento no noso territorio, ademais de acompañar e apoiar a Estratexia da Reserva de Biosfera.

Na convocatoria Leader (2017-2018) se teñen executado máis de 25 proxectos, comprometendo máis de 850.000 euros.

Pasaron catro anos desde que a UNESCO nos distinguiu como Reserva Mundial da Biosfera, e xa podemos dicir orgullos que estamos entre as Reservas de Biosfera máis activas de España.

Neste ano 2017 acordamos iniciar o proceso de ampliación territorial da Reserva, ao ternos trasladado os concellos de A Laracha, Carballo, Cerceda, Mesía e Vilasantar, o seu interese de integrarse. Temos por diante un ilusionante traballo para acadar a integración e conformación deste novo espazo, e para o seu recoñecemento pola UNESCO.

Este ano temos lanzado a Marca de Calidade da Reserva de Biosfera á que se poden acoller producións agroalimentarias e servizos desenvolvidos dentro da Reserva, co obxecto de crear un elemento

diferenciador nos mercados e de avanzar na promoción destas producións.

Apoiamos e impulsamos o consumo de produtos locais e ecolóxicos no noso ámbito e nas áreas máis próximas, favorecendo novas canles de comercialización para as producións locais, loitando contra o cambio climático e apostando por unha alimentación máis saudable. Un bo exemplo deste traballo é o apoio aos produtores ecolóxicos e a consolidación dos menús escolares ecolóxicos, acadando incrementar, ano a ano, o número de colexios e escolas infantís que están implantando os Eco-Comedores.

Por diante quédanos moito traballo, como a consolidación e posta en marcha das iniciativas enmarcadas no Club de Produto Turístico de Reservas de Biosfera, ao que xa pertencemos, o apoio e acompañamento técnico ás persoas emprendedoras, o deseño da Estratexia de Infraestrutura Verde da Área de Coruña como estratexia para avanzar na mellora ambiental, ademais doutros proxectos xa en marcha e dos que falaremos nesta Memoria.

Quixera animar a todas as persoas e entidades que están a traballar neste territorio, a que participen e colaboren coas súas achegas á Reserva de Biosfera, ademais de agradecer o esforzo de quenés xa o están a facer.

José A. Santiso Miramontes

Presidente Asociación Mariñas-Betanzos
Reserva Biosfera MCeTM

A Asociación nunha ollada no ano 2017

125 entidades asociadas

17 concellos participantes na Asociación

116.724 ha onde promovemos un desenvolvemento sustentable

+ 190.700 persoas habitan no noso ámbito de actuación

110 alumnas e alumnos nas formacións que programamos

340 persoas asistiron ás xornadas técnicas que organizamos

4.150 persoas participaron nas actividades que levamos a cabo

436 árbores plantadas

+ 4150 persoas forman parte da nosa comunidade virtual

9 persoas traballando na asociación

Un equipo excepcional de entidades colaboradoras



Así somos,
coñécenos



A **Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”** constitúese en xullo do ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural. A asociación ten como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Curtis, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

A NOSA VISIÓN

A valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partires do noso patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social

A NOSA MISIÓN

Converternos no núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento integral do territorio de actuación.

OS NOSOS PRINCIPIOS

Como entidade integrante da economía social, rexémonos por unha serie de principios de actuación:

Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa.

Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica.

Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

Independencia respecto dos poderes públicos

O **compromiso co territorio**, fronte ao despoboamento e ao envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.

O **fortalecemento da democracia institucional e económica**



Descobre a nosa historia

2008

Constitución da asociación

Xestión do programa LEADER 2007-2013

2009

Coordinación proxecto cooperación Rede de Espazos Ambientalmente Competitivos

2010

Proxecto Novos Horizontes para a recuperación de variedades hortícolas locais

2013

Declaración da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

2014

Deseño do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e lanzamento
proxecto Menús Escolares Ecolóxicos

2016

Posta en marcha de dous viveiros para o emprendemento agroalimentario

Candidatura ao Programa LEADER 2014-2020

2017

Declaración de Utilidade Pública da Asociación Mariñas-Betanzos

Incorporación ao Club de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas

Inicio ampliación da Reserva de Biosfera

1. O noso modelo organizativo

A **Asemblea Xeral** é o máximo órgano de decisión da Asociación, integrada por todas as entidades que forman parte dela. Estas entidades están organizadas en 10 mesas sectoriais, onde se pon en común a problemática do sector que representan, coa finalidade de establecer posibles actuacións de mellora e canalizando á **Xunta Directiva** aquelas suxestións, demandas, proxectos e iniciativas que o sector considere.

MESAS SECTORIAIS

Mesa das administracións públicas e sector público.

Mesa do sector institucional

Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira.

Mesa de asociacións de mulleres.

Mesa de asociacións culturais, deportivas, recreativas, de veciños e ANPAS.

Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mozos.

Mesa do sector de turismo e hostalería.

Mesa de asociacións de empresariado multisectorial, asociacións profesionais e artesanía.

Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral.

Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD.

A **Xunta Directiva** da Asociación está formada polos representantes das entidades asociadas, organizadas según as Mesas Sectoriais

José A. Santiso Miramontes (Presidente/a. Mesa administracións públicas)

Cesar Longo Queijo (Vicepresidente. Mesa administracións públicas)

Catalina Rodríguez Rodríguez (Secretaria. Mesa asociacións de mulleres)

Aida Pérez Barredo (Tesoureira. Mesa asociacións empresariado multisectoria, asociacións profesionais e artesanía)

Carlos Vales Vázquez (Vogal. Mesa sector institucional)

Patricia Amado Varela (Vogal. Mesa administracións públicas)

Alejandra Pérez Máquez (Vogal. Mesa administracións públicas)

Francisco Quintela Requeijo (Vogal. Mesa administracións públicas)

Antonio Ángel Fraga Sánchez (Vogal. Mesa administracións públicas)

Rodrigo López Piquín (Vogal. Mesa administracións públicas)

Xosé Lois Suárez Becerra (Vogal. Mesa administracións públicas)

José Domiro Garrote Martín (Vogal. Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral)

Antonio Buyo Mosquera (Vogal. Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira)

Benito García Sánchez (Vogal. Mesa do sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira)

Begoña de Bernardo Miño (Vogal. Mesa das asociacións culturais, deportivas, recreativas, de veciños e ANPAS)

José Francisco Castro Vilariño (Vogal. Mesa das asociacións culturais, deportivas, recreativas, de veciños e ANPAS)

Andrés Rodríguez Pereira (Vogal. Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mozos)

Juan Manuel Neira Fernández (Vogal. Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mozos)

José Soto Martínez (Vogal. Mesa do sector do turismo e hostelería)

Eulogio López Río (Vogal. Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD)

María Teresa Tiemblo Marsal (Vogal. Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD)

Un **29%** das persoas da Xunta Directiva son mulleres, fronte ao **71%** de homes.

Un **38%** das persoas son representantes das administracións públicas, un **47%** representantes de todo tipo de asociacións (sectoriais, culturais, de veciños, de mulleres...), un **10%** representantes de colectivos de persoas con discapacidade e un **5%** de representantes de organismos institucionais non administracións.

A NOSA ESTRUTURA

A nosa estrutura de traballo basease nun modelo participativo onde se traballa por proxectos, distribuíndo as tarefas en torno aos proxectos chave que abarcan a toda a asociación, cunha xerencia e un equipo técnico, que da contas á xunta directiva e ao seu presidente.

Jorge M. Blanco Ballón. Xerencia

Concepción Bonome González. Técnico
Proxectos LEADER

Mar Castro Martinez. Técnico apoio sector
ambiental (Garantía Xuvenil)

Miguel Fernández Pardo. Técnico Innovación
Agroforestal

Ignacio García Presedo. Técnico Innovación
Agroforestal

Manuel Giménez Solla. Técnico Innovación
Agroforestal

Diego López Pedreira. Técnico ambiental
Consortio As Mariñas

Diego Miranda Barrós. Técnico
Emprendemento LEADER

Iván Pedreira de la Iglesia. Programa de
Voluntariado

Mónica Rodríguez Pérez. Administración



O NOSO TRABALLO

O noso traballo basease na **metodoloxía LEADER** centrada en tres pilares básicos: o territorio e os seus recursos, a estratexia local e a participación da poboación, e en 7 principios:

- 1. Enfoque ascendente.*
- 2. Estratexia territorial de desenvolvemento adaptada á nosa realidade.*
- 3. Principio de colaboración público-privada*
- 4. Actuacións integradas e multisectoriais.*
- 5. Animación e impulso á innovación.*
- 6. Cooperación dentro do territorio e con outros territorios.*
- 7. Conexión en redes.*



2. Así trabajamos



A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (MCeTM)

céntrase en fomentar o **aproveitamento sostible** dos recursos endóxenos, así como a conservación do patrimonio natural e cultural que identifica a este territorio, permitindo a mellora da calidade de vida da poboación local.


Para conseguilo, desde a Asociación impulsamos a definición do **Plan de Xestión da Reserva de Biosfera MCeTM (2013-2017)** que é a folla de ruta do noso modelo de actuación e forma parte da Estratexia (2013-2022).

Este plan é a ferramenta para o desenvolvemento sustentable da Reserva de Biosfera. Estrutúrase en cinco liñas de acción:

- A. XESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN E COOPERACIÓN.
- B. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPREGO E CAMBIO CLIMÁTICO.
- C. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL E DO MEDIO MARIÑO, PRODUCIÓNS E SERVIZOS.
- D. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES.
- E. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS.




Para a execución das diferentes accións, temos en conta a perspectiva dos nosos grupos de interese:



* Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente

Ademais, a asociación como organización con entidade xurídica propia, conta cuns protocolos de actuación para minimizar os nosos impactos ambientais e sociais.



2.1. IMPACTO ECONÓMICO: Impulsamos a economía local

Dende a Asociación impulsamos a contratación de empresas que estean comprometidas co territorio. A organización conta cun **protocolo de contratación** na que sempre, mediante o procedemento de negociado, pídense 3 orzamentos. As valoracións fanse en función dos criterios de **competitividade, en termos de prezo, tempo e calidade**.

2.2. IMPACTO AMBIENTAL: Coidamos a contorna

A Asociación conta cun local cedido polo Concello de Abegondo, onde desenvolvemos as nosas actividades. Esta é unha localización provisional pendente de traslado a un novo local onde as instalacións estean adaptadas á minimización de impactos ambientais (iluminación de baixo consumo, sistemas de calefacción máis eficientes..etc.). Aínda así, sempre tratando de mellorar o noso desempeño, desenvolvemos as seguintes accións:

- **Campañas de sensibilización sobre o consumo de auga a través de mensaxes a favor do aforro en todos os puntos de toma de auga das nosas instalacións.**
- **Aforro de enerxía calorífica a través da instalación de radiadores de baixo consumo.**

2.3. IMPACTO SOCIAL: Contribuímos a un mundo mellor

Emprego Xuvenil

A nosa aposta polo fomento do emprego xuvenil materialízase a través da firma de convenios de cooperación con entidades educativas para que poida o alumnado realizar prácticas con nós. Estes centros son o **CEIDA**, a **Escola de Finanzas**, a **Escola de Turismo** da Universidade de A Coruña ou a Universidade de Santiago de Compostela.

Tamén puxemos en marcha un contrato dunha muller menor de 30 anos a través do programa de Garantía Xuvenil.

Loxística solidaria

Somos colaboradores da Fundación SEUR a través dos seus programas de loxística solidaria. Para elo recolleemos os tapóns de plástico que son enviados á Fundación para a súa xestión e reinvestimento nos seus programas de axuda á infancia máis desfavorecida.




**3. Así coidamos e
valorizamos o noso
territorio**

As Reservas de Biosfera (RdB) son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar a conservación ambiental e o desenvolvemento socioeconómico sostible.

A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abarca un total de 116.724 ha (113.969,7 ha terrestres e 2.754,6 ha mariñas), que representa o 14,33% da superficie da provincia de A Coruña, repartidas en 17 concellos. Con esta superficie, é a segunda Reserva de Biosfera galega por orde de superficie, sendo a primeira da provincia de A Coruña.

O noso modelo de traballo baséase no **Plan de Xestión 2013-2017**, que foi elaborado contando coa participación dos principais axentes do territorio e das entidades que participan na xestión e que teñen competencias na Reserva de Biosfera. A **visión** deste Plan céntrase en **fomentar a conservación do patrimonio natural e cultural** que identifica ao noso territorio, a través da compatibilización dos **usos e aproveitamentos sustentables da poboación local**, que permita a **mellora da calidade de vida dun modo sustentable**.

Ademais o noso Plan de Xestión 2013-2020, é a base para construír **o proceso participativo de deseño e elaboración da Estratexia Leader 2014-2020** para o territorio Mariñas Betanzos. Neste proceso constituímos diferentes mesas sectoriais nas que estarán representadas todas as nosas entidades asociadas. Con este enfoque participativo e colaborativo queremos conseguir unha estratexia de futuro integradora para o noso territorio.




3.1. XESTIÓN ADAPTATIVA, COMUNICACIÓN, COOPERACIÓN E PARTICIPACIÓN (2017)

ACCIÓN	LOGROS 2017
<i>Posta en marcha dos órganos de xestión</i>	Conformación Comité Executivo
<i>Estratexia de comunicación da RdB</i>	- Actualización redes sociais - Medios comunicación (El Comarcal, A Opinión de Coruña, As Mariñas, etc.) - Elaboración de material divulgativo
<i>Impulsar accións e compromisos de cooperación</i>	- Rede Española Reservas Biosfera: Plan Acción Ordesa - IberoMaB (Congreso Marcas) - Outros axentes (Semana Custodia, Especie do Ano, Eco-Comedores, Día da Árbore) - Deputación (Emprende na Biosfera) - Xunta (Estratexia Infraestrutura Verde)



A Asociación creou unha estrutura de xestión para a formulación, desenvolvemento e avaliación das estratexia, liñas de acción e programas da Reserva de Biosfera e, así, garantir o cumprimento dos obxectivos da UNESCO.

A ESTRUCTURA DE GOBERNO DA RdB



A NOSA COMUNICACIÓN CO ENTORNO

A principal canle de comunicación co entorno é a nosa **páxina web**, que recentemente foi renovada e que está adaptada a todos os dispositivos móbiles e contou cunha media de **64.640 visitas** durante o 2017. Nesta web, xunto coas redes sociais, tamén nos facemos eco das novidades e actividades doutras entidades públicas e privadas da Reserva de Biosfera.

www.marinasbetanzos.gal

Ademais contamos con presenza en diferentes redes sociais porque queremos estar atentos ás demandas que xorden na nosa contorna, tendo un espazo específico para poder falar cos diferentes axentes sociais cos que interactuamos.



2.758 seguidores



874 seguidores




553 seguidores



No noso desexo de estar sempre á vangarda, apostamos pola creación dunha **aplicación para móbiles** que permita facilitar a participación da cidadanía na Reserva de Biosfera. Nela pódese atopar información xeral sobre a RdB, consultar o catálogo de especies existentes no territorio, coñecer cales son as especies invasoras que están presentes na comarca, así como información sobre o noso patrimonio e elementos turísticos de interese. Esta **app** tivo **530 descargas** durante o 2017.

A nosa comunicación vese reforzada polos nosos **impactos en medios de comunicación**, que ascenderon a máis de **57 durante todo o 2017**. Destaca especialmente a participación mensual no especial El Comarcal de La Voz de Galicia, así como a publicación de La Opinión de La Coruña en fin de ano.



SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN

Entre as principais liñas de traballo desenvoltas pola Asociación están as dirixidas á sensibilización e divulgación sobre aspectos clave dunha Reserva, abertos a toda a cidadanía. Consideramos que esta é unha labor primordial xa que permite dar a coñecer os problemas socio-ecolóxicos e promover a acción da cidadanía a este respecto. Dentro destas actividades salientamos:

A elaboración de materiais didácticos:

Guía sobre o Fento do botón (*Woodwardia radicans*). Especie do ano 2017

Guía sobre Chelo. Centro de visitantes do río Mandeo. Betanzos-Mandeo

Materiais divulgativos Medida Leader Galicia 2014-2020

Distintivo de calidade Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

A organización de eventos e colaboracións:

IV Aniversario da RdB MCeTM, organizado co Concello de Curtis

En colaboración co CEIDA organizouse en maio unha **xornada técnica** á que asistiron **50 persoas**, “Construíndo un futuro sostible”, e coa que se pretende divulgar os valores da Reserva de Biosfera, a importancia da colaboración coa Rede Española de Reservas de Biosfera e a Rede IBEROMaB

En colaboración co Concello de Sada organizouse na Casa de Cultura Pintor Lloréns de Sada, o 25 de maio, a **Gala do Programa de Educación ambiental da RdB**, na que participaron máis de **80 nenos**

Acto Institucional con motivo do IV Aniversario da RdB MCeTM, organizado no Concello de Curtis o 26 de maio. Neste acto participaron **40 persoas** representantes do Programa MaB en España e IBEROMaB, de entidades privadas, institucións, administracións públicas e produtores agroalimentarios

Plantación de árbores autóctonas nas inmediacións do Centro Etnográfico de Teixeiro (Curtis)

En colaboración co Grupo Naturalista Hábitat se ten desenvolvido, o 28 de maio, a **IV Maratón Ornitolóxica da RdB MCeTM**

No Centro Etnográfico do Mandeo (Teixeiro), os días 27 e 28 de maio, se teñen organizado as **exposicións** “Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” e “Biodiversidade no territorio da RdB e as especies invasoras”, por onde teñen pasado máis de **50 visitantes**

No Centro Etnográfico do Mandeo (Teixeiro), os días 27 e 28 de maio, se ten celebrado un **Ciclo de cine ambiental**, coa proxección das películas “O segredo do bosque” e “Green” ao que teñen asistido **40 persoas**

Presentación do proxecto “No seu lugar” á comunidade educativa do territorio, en colaboración co CEIDA, o 20 de outubro na RdB MCeTM

Día da árbore 2017
Os escolares da RdB celebran esta data coa plantación de **500 árbores** autóctonas cedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Accións e compromisos de cooperación a nivel rexional e autonómico:

Destacar a colaboración mantida co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) no desenvolvemento das seguintes xornadas, organizadas polo CEIDA:

Curso de Introducción aos estudo dos micromamíferos. Abril 2017.

Construíndo un futuro sostible. Maio 2017.

Curso de introdución ao estudo dos ungulados. Xuño 2017.

Introdución ao estudo dos morcegos. Xullo 2017.

Foro Humboldt Coruña. Outubro 2017.

No seu lugar. Programa de voluntariado. Outubro 2017.



Castelo de Santa Cruz (Oleiros)
15 - 17 xuño 2017

curso de introdución ao estudo dos ungulados 2ª edición

OBJECTIVOS
Dar a coñecer a especie de ungulados presentes en Galicia e a súa papel ecolóxico no medio, así como dar a coñecer os diferentes tipos de ungulados e a súa importancia na conservación da natureza, e no desenvolvemento das actividades de ocio e turismo.

IMPORTE
José Parodiño e Adán Lamaso
www.betanzos.org

HORARIO
20 h. de duración
• Xoves 15 e viernes 16: 16 - 20 h.
• Sábado 17: 9 - 13 h.

LUGAR
• Xoves 15 e viernes 16: Castelo de Santa Cruz, Oleiros
• Sábado 17: Aula de Naturaleza de Chelo (Calbe) e do Mandeo

INSCRIPCIÓN
95 €
Places limitadas

Máis información: www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618



Castelo de Santa Cruz - Oleiros
28 - 30 xullo 2017

Introdución ao estudo dos morcegos 2ª edición

OBJECTIVOS
O curso introduce ao mundo dos diversos tipos de morcegos presentes en Galicia e a súa importancia na conservación da natureza, e no desenvolvemento das actividades de ocio e turismo.

IMPORTE
José Parodiño e Adán Lamaso
www.betanzos.org

HORARIO E LUGAR
20 h. de duración
• Venres 28: de 19 a 1 h. Aula de Naturaleza de Chelo
• Sábado 29: de 10 a 13 h. Castelo de Santa Cruz e Aula de Naturaleza de Chelo
• Domingo 30: de 10 a 13 h. Aula de Naturaleza de Chelo

INSCRIPCIÓN
95 €
Places limitadas

Máis información: www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618



NO SEU LUGAR
PROGRAMA DE VOLUNTARIADO
eliminación de especies exóticas invasoras nas Reservas de Biosfera de Galicia

10 out RB ÁREA DE ALLARIZ
11 out RB RÍO EO, OSCÓS E TERRAS DO BÚRÓN
17 out RB TERRAS DO MIÑO
20 out RB MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Máis información: www.ceida.org - educacion@ceida.org - 981 630 618



Castelo de Santa Cruz (Oleiros)
25 maio 2017

IV ANIVERSARIO RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO
CONSTRUINDO UN FUTURO SOSTIBLE

PREZAS LIMITADAS

OBJETIVOS
• Concienciar a importancia da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
• Dar a coñecer a importancia da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
• Dar a coñecer a importancia da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

IMPORTE
José Parodiño e Adán Lamaso
www.betanzos.org

HORARIO E LUGAR
20 h. de duración
• Venres 25: de 10 a 13 h. Aula de Naturaleza de Chelo
• Sábado 26: de 10 a 13 h. Aula de Naturaleza de Chelo
• Domingo 27: de 10 a 13 h. Aula de Naturaleza de Chelo

INSCRIPCIÓN
95 €
Places limitadas

Máis información: www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618



Castelo de Santa Cruz - Oleiros
21 - 23 abril 2017

curso de introdución ao estudo dos micromamíferos

OBJETIVOS
O curso introduce ao mundo dos diversos tipos de micromamíferos presentes en Galicia e a súa importancia na conservación da natureza, e no desenvolvemento das actividades de ocio e turismo.

IMPORTE
José Parodiño e Adán Lamaso
www.betanzos.org

HORARIO E LUGAR
20 h. de duración
• Venres 21: de 10 a 13 h. Aula de Naturaleza de Chelo
• Sábado 22: de 10 a 13 h. Aula de Naturaleza de Chelo
• Domingo 23: de 10 a 13 h. Aula de Naturaleza de Chelo

INSCRIPCIÓN
95 €
Places limitadas

Máis información: www.ceida.org - formacion@ceida.org - 981 630 618

Podemos destacar a colaboración activa con outras organizacións, co obxectivo de promover a mellora do patrimonio natural e cultural:

Somos membros de:

- Rede Española de Reservas de Biosfera.
- Grupo de Traballo de Economía Social, da Rede Española de RdB.
- Rede Mundial de Illas e Zonas Costeiras.
- Rede IberoMaB.
- Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN).
- Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

Cooperación co Grupo Naturalista Hábitat:

- Especie do Ano.
- Maratón ornitolóxica.

Fundación Fragas do Mandeo:

- Semana da Custodia do territorio.

Outra das colaboracións clave no territorio, se mantén co **CFEA de Guísamo** e o **Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)**:

- Organización de xornadas e actividades formativas.
- Transferencia tecnolóxica e Grupos Operativos de Innovación.

Fundación Juana de Vega:

- Apoio nas actividades formativas para o emprendemento agroalimentario.

Deputación de A Coruña:

- Programa Emprende na Biosfera
- Edición e impresión de material divulgativo.

Temos participado no **II Congreso Español de Reservas da Biosfera**, durante o mes de setembro do 2017, celebrado na Reserva de Biosfera de Ordesa-Viñamala. Aquí se ten aprobado o Plan de Acción de Ordesa-Viñamala (2017-2025), para implantalo nas Reservas de Biosfera españolas.

Neste Congreso participaron representantes das 48 Reservas de Biosfera españolas, científicos das distintas Comunidades Autónomas e membros do Comité MaB España, así como representantes do Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB da UNESCO e da Rede Mundial de Reservas de Biosfera.



O pasado mes de outubro de 2017 tivemos a oportunidade de participar, en Cartagena de Indias (Colombia), no **Seminario sobre Economías Verdes nas Reservas de Biosfera Iberoamericanas (Rede IberoMaB)**.

O presidente da Reserva de Biosfera participou co fin de expoñer o traballado levado a cabo para a implantación da marca de calidade da RdB MCeTM.



INTERCAMBIO EXPERIENCIAS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL CATALUÑA

No mes de outubro do 2017, a Rede Rural Nacional organizou o **VII Intercambio de Experiencias de Grupos de Acción Local**, en Cataluña, e no que se ten participado desde a Asociación Mariñas-Betanzos.

Nesta actividade se ten coñecido a experiencia do proxecto de cooperación “Cowocat Rural”, sobre a posta en marcha de espazos de *coworking* no rural.



AMPLIACIÓN DA RESERVA DE BIOSFERA

Ao longo do ano 2017 se teñen mantido diferentes reunións cos representantes municipais dos Concellos de **A Laracha, Carballo, Cerceda, Mesía e Vilasantar**, que teñen realizado unha Declaración Institucional de interese de entrar e participar no proceso de ampliación da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Estes concellos están moi vencellados á Reserva de Biosfera MCeTM, e albergan algúns dos lugares de maior importancia ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.



3.2. ENTORNO SOCIOECONÓMICO, EMPREGO E CAMBIO CLIMÁTICO (2013-2017)

ACCIÓN	LOGROS 2017
<i>Emprego verde</i>	Formación para o emprendemento (40 alumnos)
<i>Responsabilidade social empresarial</i>	Identificación e contactos con empresas
<i>Adaptación ao cambio climático e a súa mitigación</i>	Presidencia Asociación de Territorios Comprometidos coa Loita contra o Cambio Climático



FOMENTAMOS O EMPRENDEMENTO SUSTENTABLE

A Asociación Mariñas-Betanzos ten posto en marcha o **Programa Emprende na Biosfera**, contando co apoio da Deputación de A Coruña, dirixido a animar a posta en marcha de iniciativas emprendedoras no ámbito da Reserva de Biosfera MCeTM.

A través do Programa Emprende na Biosfera se está prestando apoio e acompañamento técnico a persoas emprendedoras, a través de itinerarios personalizados, e desenvolvendo actividades formativas específicas que dan resposta ás necesidades destas persoas emprendedoras.

O Programa Emprende na Biosfera está aberto á participación das persoas interesadas, e ten previsto o seu remate no mes de xuño do 2018.



APOIAMOS A ECONOMÍA SOCIAL

A Asociación Mariñas-Betanzos é membro da Rede Eusumo, rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social en Galicia. Esta rede ten entre os seus obxectivos fomentar o espírito emprendedor, facendo fincapé no cooperativismo e a economía social.

Este ano 2017 temos desenvolto **dous cursos de formación**, co obxectivo de animar a posta en marcha de iniciativas de emprendemento ligadas ao aproveitamento sostible dos recursos locais, e á posta en valor dos recursos mariños e do litoral.

Nestes actividades formativas teñen participado **40 persoas**, e foron desenvolvidas na sede da Fundación Juana de Vega e na Aula de Cociña Portomuiños, no mes de setembro.



3.3. SUSTENTABILIDADE DO MEDIO RURAL E DO MEDIO MARIÑO, PRODUCIÓNS E SERVIZOS

ACCIÓN	LOGROS 2017
<i>Mellora da calidade de vida das poboacións</i>	• Proxecto LIFE Water Way
<i>Fomento de prácticas agrogandeiras sustentables</i>	• Realizado (G.O. mobilidade terras) • En marcha (Eco-Comedores escolares e apoio aos mercados locais) • En marcha (obradoiros A.E., aconsellamento técnico, xornadas técnicas) • Realizado (G.O. xestión puríns)
<i>Fomento de prácticas forestais sustentables</i>	En marcha (colaboración CMVMCs)
<i>Fomento de produtos de calidade</i>	• Lanzamento Marca de Calidade e adhesión de empresas



PROMOVEMOS A AGRICULTURA SUSTENTABLE

Unha das principais liñas de traballo da Asociación Mariñas-Betanzos é o impulso á agricultura sustentable e o apoio ás producións locais. Temos colaborado na organización de diferentes actividades de difusión:

Festa Pan de Carral. Maio 2017.

Se colabora co Concello de Carral para o desenvolvemento desta actividade, co obxectivo de exaltar e promocionar o pan de Carral.

2.200 persoas.

Mostra Branco Lexítimo. Xullo 2017

O Concello de Paderne organiza a Mostra de Branco Lexítimo, actividade coa que colaboramos, mellorando o coñecemento sobre esta variedade autóctona de viño.

1.600 persoas.

Feira Cebola Chata de Miño. Agosto 2017

Colaboramos co Concello de Miño para a organización deste evento, dirixido a promocionar a Cebola Chata de Miño.

2.000 persoas.

Feira Outono de Abegondo. Novembro 2017

Exposición e venda das producións agroalimentarias do outono, entre as que hai que destacar a castaña.

1.200 persoas.



De novo, celebramos a **MOSTRA DE PRODUTOS DAS MARÍÑAS**, que xa vai pola **V edición**, e que ten lugar no concello de Betanzos. Nesta edición asistiron máis de 2.600 persoas.



ECO-COMEDORES DA RESERVA DE BIOSFERA

Entre as iniciativas impulsadas co obxectivo de avanzar nunha agricultura sustentable, a comercialización das producións agroalimentarias nas canles curtas, así como apostando pola alimentación saudable dos máis pequenos, hai que destacar a colaboración cos produtores locais e a posta en marcha dos **menús ecolóxicos en colexios da Reserva de Biosfera**. Esta iniciativa vinculada ao **Plan Alimentario da Reserva de Biosfera** pretende estimular o coñecemento e a demanda de produtos ecolóxico no noso ámbito local. Con esta actividade chegamos tanto á cidadanía como aos propios produtores do territorio, animando a súa integración na marca de produtos da RdB.



Na actualidade existen 2 grupos organizados de produtores de horta ecolóxica. Estes 2 grupos abranguen **8 explotacións** que contan 140.000 m2 de produción.

Xa son **12 comedores escolares** os que están a mercar horta ecolóxica da RdB.

PROMOVEMOS A INNOVACIÓN RURAL COMO ESTRATEXIA PARA O FUTURO

Conscientes de que a innovación é unha das principais bazas que debe xogar o rural para xerar riqueza e crear emprego, temos conformado dous **Grupos Operativos de Innovación (GOI)**, no marco da Asociación Europea para a Innovación (AEI).

Deseño dunha aplicación informática para a mellora da xestión de terras nas cooperativas gandeiras.



Neste proxecto ten participado as Cooperativas Cusoviam e Clun, ademais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a Universidade de A Coruña e a de Santiago de Compostela. A utilización da ferramenta deseñada, permite acadar os seguintes resultados:

- Redución media dun 33% no nº de parcelas a xestionar.
- Disminución de máis dun 38% das distancias totais entre as explotacións e as parcelas.
- Redución dun 35% na distancia media entre parcelas.
- Aumento do tamaño medio de parcela de xestión en máis dun 50%.



Deseño de ferramentas para minimizar o impacto sobre o medio natural nas aplicacións de xurro de explotacións de porcino.

Este proxecto levouse a cabo en 24 explotacións de gando porcino, e se ten creado unha aplicación informática co obxectivo de xestionar de modo máis eficiente a aplicación dos xurros como fertilizante agrario.

O pasado mes de novembro, se ten realizado unha visita a **viveiros de empresas rurais e espazos de coworking en Cataluña**. Esta visita tiña entre os seus obxectivos coñecer o funcionamento dos viveiros de emprendemento agrario na Conca do Barberá e as dinámicas de traballo nos espazos pertencentes á Asociación Catalana de Coworking, así como identificar as oportunidades de xeración de emprego no ámbito do deseño e impresión 3D.



MARCA DE CALIDADE RESERVA DE BIOSFERA MCeTM


Neste ano 2017 se ten impulsado o traballo para a posta en marcha da Marca de Calidade ligada á Reserva de Biosfera, como distintivo que recoñece aos produtos agroalimentarios e servizos do territorio que ofrecen uns valores acordes co espazo no que se producen.



Este ano se teñen desenvolvido as seguintes actuacións:

- Edición, impresión e reparto de etiquetas (50.000 unidades).
- Edición e impresión de bolsas (3.500 unidades).
- Elaboración de placas identificativas, dípticos divulgativos e reportaxe fotográfica.
- Elaboración de pregos técnicos, asesoramento e seguimento das producións.
- Constitución da Mesa Técnica da Marca.

A finais do ano 2017 xa contabamos con **21 empresas adheridas** á Marca.



O TURISMO SUSTENTABLE

Neste ano 2017 se aproba a adhesión da RdB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ao **Club de Produto Turístico Reservas de Biosfera**. Entre os obxectivos de esta adhesión, están os de:

- Mellorar a sustentabilidade e competitividade do sector turístico na RdB.
- Desestacionalizar e captar nova demanda.
- Proporcionar experiencias emotivas e sensoriais aos turistas, a través de iniciativas de desenvolvemento local.
- Mellorar as cifras de negocio do turismo rural.

No mes de febreiro, temos organizado a **Xornada sobre Patrimonio Natural e Cultural na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**, no concello de Sada, e onde teñen participado **15 alumnos** da Escola Universitaria de Turismo da Universidade da Coruña.

O pasado mes de abril de 2017, se desenvolveu a **Conferencia sobre Turismo e Medio Ambiente**, tamén no concello de Sada, na que **participaron 50 persoas**.

No mes de outubro, tivemos unha **visita dos alumnos da Escola de Turismo de A Coruña**, co obxectivo de coñecer o patrimonio modernista en Betanzos e o Centro de Interpretación do Mandeo, na que teñen participado **30 persoas**.



Destacar que neste ano 2017, a familia de Francisco Llorens ten doado á Asociación Mariñas-Betanzos o **cadro impresionista “La huerfanita”**, e que estará exposto permanentemente no Museo das Mariñas en Betanzos.

Desde a Asociación Mariñas-Betanzos se colabora co Consorcio As Mariñas na difusión da Ruta do Impresionismo, na que a figura relevante e principal é o pintor Francisco Llorens.



3.4. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES (2013-2017)

ACCIÓN	LOGROS 2017
<i>Utilizar a Reserva como lugar de investigación</i>	• Desenvolvemento Especie do Ano, Maratón Ornitolóxica, Semana da Custodia)
<i>Emprego da Reserva como fonte de aprendizaxe</i>	• Comisións Técnicas e curso sobre Novas metodoloxías participativas para a dinamización da economía local • En marcha (convenios Universidades, Comité Científico, prácticas formativas)



ESPECIE DO ANO 2017 NA RESERVA DE BIOSFERA: O FENTO DO BOTÓN

Como especie do ano 2017 na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas foi declarada o Fento do Botón, *Woodwardia radicans*.

No mes de setembro, celebrouse no Centro Etnográfico de Teixeira unha xornada sobre esta especie, na que teñen participado 45 persoas



MARATÓN ORNITOLÓXICA NA RESERVA DE BIOSFERA

No mes de maio celebrouse a IV Maratón Ornitolóxica da RdB MCeTM, organizada xunto ao Grupo Naturalista Hábitat e multitude de entidades colaboradoras.

Nesta edición os equipos participantes puideron desprazarse ao longo de calquera dos 17 concellos que conforman a Reserva de Biosfera. En total participaron **9 equipos**, cun total de **39 observadores**, e se identificaron máis de **110 especies**.

Esta actividade ten como obxectivo sensibilizar sobre a importancia da conservación de especies de aves, así como dar a coñecer dun modo lúdico os principais recursos naturais da Reserva de Biosfera.



CUSTODIA DO TERRITORIO

Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio a través da Custodia, a Asociación Mariñas-Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organiza a **VI Semana da Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**, na que se desenvolveron conferencias e accións.

Esta sexta edición tivo como eixo a necesidade de conservar o noso litoral mediante a custodia e o apadriñamento.

Nas diferentes actividades desenvoltas participaron arredor de **70 persoas**.



INVESTIGACIÓN E UNIVERSIDADE

A Asociación Mariñas-Betanzos e as Universidades galegas, así como centros de investigación veñen colaborando na formulación e desenvolvemento de diferentes actividades:

- En outubro do 2017 se asina un **convenio coa Escola de Turismo de A Coruña**, a través do cal se pon en marcha unha **beca de turismo sostible destinado aos universitarios**, co obxectivo de desenvolver iniciativas innovadoras en materia turística na RdB MCeTM.
- A Asociación Mariñas-Betanzos ten asinado convenios coa Universidade de Santiago de Compostela e de A Coruña, así como outros centros como CIPF A Granxa de Pontearreas, ou a Escola de Finanzas de A Coruña, co obxectivo de acoller alumnos en prácticas.



REFORZANDO AS CAPACIDADES LOCAIS

A través de distintas actividades, desde a Asociación Mariñas-Betanzos, trátase de avanzar na coordinación de actuacións cos técnicos, entidades e/ou institucións do territorio, así como adquirir novas habilidades para o desenvolvemento de estratexias territoriais:



Xornadas formativas sobre **Novas metodoloxías participativas para a dinamización da economía local**, desenvoltas no mes de xuño na Aula de Formación de O Naranxo (Abegondo). **10 persoas** participantes.


En marzo de 2017, se celebrou unha Xornada na que se reuniron a **Comisión de Desenvolvemento Local e Emprego**, e a **Comisión de Turismo e Medio Ambiente**, co obxectivo de poñer en común e identificar liñas de actuación enmarcadas no Plan Estratéxico da Reserva de Biosfera. **19 persoas** participantes.

Co obxectivo de promover a colaboración coas entidades de carácter social, así como a posta en marcha de proxectos en común, se ten celebrado unha **Xornada sobre Emprendemento e Iniciativas Sociais** na sede de Aspace, o mes de novembro. **15 persoas** participantes.

Tamén, no mes de abril tivemos unha xornada no concello de Culleredo, conxuntamente co GALP Golfo Ártabro, para falar sobre axudas ao emprendemento. **15 persoas** participantes.

3.5. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PATRIMONIAIS

ACCIÓN	LOGROS
<i>Mantemento, restauración e recuperación dos hábitats e especies</i>	• En marcha (Infraestrutura Verde, Life+ Fluvial, apoio á Custodia do Territorio) • Apoio declaración de ENILs
<i>Erradicación e control de especies invasoras</i>	• Programa de voluntariado ambiental



INFRAESTRUTURA VERDE

No mes de agosto, a Asociación Mariñas-Betanzos, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, a Fundación Juana de Vega e o Instituto Tecnolóxico de Galicia formalizaron o **Convenio para o desenvolvemento da Infraestrutura Verde da Área da Coruña**.

A finalidade é crear unha rede interconectada de espazos verdes e outros elementos ambientais; é dicir, unha ferramenta de eficacia probada que aporta beneficios **ecolóxicos**, como a conservación da biodiversidade e a adaptación ao cambio climático, **sociais**, como a provisión de espazos atractivos para o ocio e o turismo, e **económicos**, coa xeración de **emprego**.



VOLUNTARIADO AMBIENTAL

A través do Programa de Voluntariado Ambiental 2017 se tratou de **identificar os espazos de maior interese ambiental** da RdB e que non contan con ningunha figura de protección, co obxectivo de estudar os seus valores e avanzar nas propostas de Espazos Naturais de Interese Local.

Nas actividades desenvoltas teñen **participado 7 persoas voluntarias**.

As actividades foron desenvoltas na Fervenza de A Rexidoira (Oza-Cesuras), a Lagoa de Mera e no Parque Forestal de Liáns (Oleiros), contando coa colaboración do G.N. Hábitat.



EDUCACIÓN AMBIENTAL

Desde a Asociación Mariñas-Betanzos trátase de difundir os valores e recursos do territorio, mellorando a sensibilización ambiental da comunidade escolar.

No marco do **Programa de Educación Ambiental 2017**, temos desenvolvido nos concellos de Culleredo e de Sada, a petición e contando co soporte dos mesmos, as seguintes actividades:

- 3 xornadas sobre plantas medicinais, hertos urbanos e alimentación saudable no Xardín Botánico de O Burgo. Marzo e abril do 2017.
- 2 roteiros guiados polo Monte Xalo. Xuño 2017.
- 21 xornadas divulgativas e informativas “Somos Biosfera 2017”, dirixidas aos alumnos do CEIP Sada y sus Contornos e ao CEIP Pedro Barrié de la Maza, ambos do Concello de Sada. Febreiro, marzo, abril e maio 2017.


Nestas actividades teñen participado máis de **1.000 escolares**.



APOIO DECLARACIÓN ENIL

Como estratexia para seguir avanzando na conservación e mellora dos espazos de maior interese ambiental da RdB, desde a Asociación Mariñas-Betanzos en colaboración cos Concellos, se ten traballado nas candidatura para a declaración de Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) dos seguintes espazos:

- Este ano 2017 se ten elaborado a candidatura a ENIL do **Esteiro de Río Baxoi** (Miño) e de as **Brañas de Sada**, contando coa colaboración do IBADER da USC.
- Se sigue a traballar na formulación das candidaturas a ENIL dos seguintes espazos: **Ríos de Arteixo** (Arteixo), **Fervenzas de A Rexidoira** (Oza-Cesuras), así como **Lagoa de Sobrado e Río Tambre** (Sobrado).
- En relación aos ENIL declarados, se está colaborando cos Concellos na elaboración dos **plans de conservación** do ENIL **Ribeiras do Río Mero-Barcés** (Abegondo) e **Río Abelleira** (Carral).



4. A Medida LEADER 2014-2020



PROXECTOS PRODUTIVOS APOIADOS (CONVOCATORIA 2017-2018)

ESTUDO DE DESEÑO FLORAL CON TENDA

Expediente: L17-1920-23-0014

Promotor: Estefanía Peteiro Vázquez

Concello: Curtis

Investimento: 57.122,42€

Contía subvención: 28.561,21 €

Emprego: Creación 2 empregos

Descrición do proxecto:

A promotora do proxecto é unha muller menor de 35 anos, que ten creado un estudo de deseño floral con tenda on-line e un punto de venda.



COMERCIALIZACIÓN DE NOVO PRODUTO: TÉ GALEGO E ECOLÓXICO

Expediente: L17-1920-23-0031

Promotor: Orballo Innovaciones Forestales, S.L.

Concello: Oleiros

Investimento: 9.449,89€

Contía subvención: 4.630,45 €

Emprego: Consolidación 2,59 empregos

Creación 1 emprego

Descrición do proxecto:

A empresa Orballo foi creada no 2012, no concello de Paderne, adicándose á produción, transformación e comercialización de plantas aromáticas e especies, baixo o amparo do Craega. Este proxecto consistiu na adquisición de nova maquinaria para a posta en marcha dunha liña de produción e comercialización de té ecolóxico.



PENSIÓN DE TRES ESTRELAS “CABAÑAS DE CANIDE”

Expediente: L17-1920-23-0012

Promotor: Lodges & Cabanas, S.L.

Concello: Oleiros


Investimento: 299.881,10€

Contía subvención: 130.000,00€

Emprego: Creación 1,25 empregos

Descrición do proxecto:

Este proxecto consiste na construción dunha pensión de tres estrelas en madeira, con altos estándares de calidade semellantes ás “Cabanas Nórdicas” polo que esta estrutura é un sinal de identidade e diferenciador dos existentes no territorio.



LIÑA DE ASTELADO PARA APROVEITAMENTO ENERXÉTICO DE RESIDUOS DE MADEIRA

Expediente: L17-1920-23-0037

Promotor: Hermanos García Rocha, S.L.


Concello: Oza-Cesuras

Investimento: 167.180,00€

Contía subvención: 70.215,60€

Emprego: Consolidación 49,46 empregos

Creación 1 emprego



Descrición do proxecto:

O proxecto foi promovido por unha empresa do concello de Oza-Cesuras cunha dilatada experiencia no sector da transformación da madeira, e que a través destes investimentos incorpora unha liña de astelado para o aproveitamento enerxético dos residuos que xera.

ALBARARI CAMPO STELLAE

Expediente: L17-1920-23-0018

Promotor: Eduardo Guillén Solórzano

Concello: Oleiros

Investimento: 49.122,22€

Contía subvención: 19.943,62€

Emprego: Creación 1 emprego



Descrición do proxecto:

Este proxecto consiste na creación dun centro de divulgación da astronomía, orientado á organización de eventos, charlas, e en especial experiencias únicas para o disfrute e observación do firmamento en estancias nocturnas dentro de “burbullas”.

CREACIÓN DE NOVA EMPRESA XARDINERÍA

Expediente: L17-1920-23-0015

Promotor: Alma Jardinería y Paisajismo, S.L.

Concello: Carral

Investimento: 17.250,00€

Contía subvención: 6.339,38€

Emprego: Consolidación 2 empregos

Creación 0,5 empregos



Descrición do proxecto:

O obxectivo deste proxecto é a posta en marcha dunha nova empresa que presta servizos de deseño, creación e mantemento de todo tipo de parques, xardíns e grandes zonas verdes.

AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL EN GUÍSAMO

Expediente: L17-1920-23-0035

Promotor: Pequemonster, S.L.

Concello: Bergondo

Investimento: 16.204,55€

Contía subvención: 6.325,18€

Emprego: Consolidación 5,49 empregos

Descrición do proxecto:

Este proxecto consiste na ampliación de instalacións dun centro, do concello de Bergondo, adicado a prestar os servizos de gardería, así como outras actividades lúdicas e educativas dirixidas aos máis pequenos.



AMPLIACIÓN DE PANADERÍA EN TEIXEIRO E OFERTA DE NOVOS PRODUCTOS

Expediente: L17-1920-23-0017

Promotor: Panadería Gómez e Hijos, S.L.

Concello: Curtis

Investimento: 57.091,00€

Contía subvención: 21.580,40€

Emprego: Consolidación 12,99 empregos

Descrición do proxecto:

Os promotores deste proxecto, adicados á elaboración de produtos de panadería, con estes investimentos van a ampliar a súa gama de produtos (vasiños e tartas de *mousse*) e incorporan novos equipamentos que lle permiten atender a unha demanda que está a crecer.



AMPLIACIÓN DE MAQUINARIA – CENTRO DE MECANIZADO M15.85 CU16

Expediente: L17-1920-23-0024

Promotor: Marzoa y Alonso, S.L.

Concello: Carral

Investimento: 113.225,55€

Contía subvención: 41.214,10€

Emprego: Consolidación 9,62 empregos

Descrición do proxecto:

Os proxectos consisten na modernización dunha empresa adicada á carpintería de mobiliario de madeira, incorporando un centro mecanizado que vai a permitir automatizar moitas das operacións.



ESPAZO DE TRABALLO LT51

Expediente: L17-1920-23-0040


Promotor: Soluciones Inmobiliarias Proal, S.I

Concello: Cambre

Investimento: 482.441,35€

Contía subvención: 130.000,00€

Emprego: Creación 0,5 empregos



PLANTA PRIMERA

Descrición do proxecto:

Con este proxecto se constrúe unha viveiro de empresas no concello de Cambre. Este centro albergará despachos, espazos de coworking, salas de formación e outros servizos destinados a facilitar a actividade das persoas emprendedoras.

NOVA ACTIVIDADE: CARPINTERÍA DE MADEIRA

Expediente: L17-1920-23-0021

Promotor: Divinor, S.L.

Concello: Culleredo

Investimento: 72.214,00€

Contía subvención: 24.263,90€

Emprego: Consolidación 9,62 empregos



Descrición do proxecto:

Este proxecto consiste na posta en marcha dunha nova liña de carpintería de madeira, por unha empresa que se adica á fabricación, comercialización e montaxe de carpintería de aluminio. Con estes investimentos van a incorporar nova maquinaria e equipos.

MELLORA DE EQUIPAMENTO FORESTAL

Expediente: L17-1920-23-0010

Promotor: Lui Alberto Martínez Vázquez

Concello: Aranga

Investimento: 45.000,00€

Contía subvención: 14.175,00€

Emprego: Consolidación 1 emprego



Descrición do proxecto:

O proxecto promovido por un mozo de 30 anos, do concello de Aranga, que se adica ao transporte de mercadorías por estrada, consiste na posta en marcha dun novo servizo de carga e descarga de madeira coa adquisición dunha grúa.

AMPLIACIÓN DE PELUQUERÍA EN TEIXEIRO E PRESTACIÓN DE NOVOS SERVIZOS

Expediente: L17-1920-23-0006

Promotor: Lucía García Seoane

Concello: Curtis

Investimento: 19.598,50€

Contía subvención: 5.761,96€

Emprego: Consolidación 1,47 empregos



Descrición do proxecto:

O proxecto promovido por unha muller consiste na ampliación da actividade actual de perruquería, coa incorporación de novos servizos de estética.

AMPLIACIÓN ASESORÍA CONTABLE E FISCAL EN TEIXEIRO

Expediente: L17-1920-23-0011

Promotor: Ana M^a Carreira García

Concello: Curtis

Investimento: 103.817,32€

Contía subvención: 30.522,29€

Emprego: Consolidación 3,5 empregos



Descrición do proxecto:

Este proxecto consiste no acondicionamento e equipamento dun novo local dunha empresa, do concello de Curtis, adicada a prestar asesoría fiscal e contable. Estes investimentos van a permitir ofrecer un mellor servizo persoalizado aos seus clientes.

COMPRA MAQUINARIA PARA A MODERNIZACIÓN DE EMPRESA

Expediente: L17-1920-23-0016

Promotor: Talleres Novo, S.L.

Concello: Curtis

Investimento: 80.910,00€

Contía subvención: 22.654,80€

Emprego: Consolidación 5,6 empregos



Descrición do proxecto:

O proxecto consistiu na compra de nova maquinaria para a ampliación da actividade, dunha empresa que se adica á reparación e venda de maquinaria agrícola.

MODERNIZACIÓN EMPRESA DE SERVICIOS Á CONSTRUCCIÓN

Expediente: L17-1920-23-0002

Promotor: Voladuras Míguez, S.L.

Concello: Culleredo

Investimento: 315.000,00€

Contía subvención: 13.096,28€

Emprego: Consolidación 3 empregos

Creación 1,25 empregos



Descrición do proxecto:

Este proxecto ten sido promovido por unha empresa de servizos á construción, e consiste na adquisición dunha máquina perforadora. Esta máquina vai a permitir ampliar a actividade da empresa, accedendo a traballos en novas edificacións e infraestruturas.

PROXECTOS NON PRODUTIVOS (ENTIDADES PÚBLICAS)

REFORMA DO LOCAL SOCIAL DE SANTA MARÍA DE VIGO

Expediente: L17-1920-23-0029

Promotor: Concello de Cambre

Concello: Cambre

Investimento: 22.247,42€

Contía subvención: 15.573,19€



Descrición do proxecto:

Proxecto consistente na reforma dunha antiga escola infantil, no lugar de Lendoiro (parroquia de Cecebre) para ser empregado como local social.

REFORMA DO LOCAL SOCIAL DE LENDOIRO - CECEBRE

Expediente: L17-1920-23-0039

Promotor: Concello de Cambre

Concello: Cambre

Investimento: 31.924,86€

Contía subvención: 22.347,40€

Descrición do proxecto:

O Concello de Cambre, a través deste proxecto, ten adaptado como local social o antigo parvulario de Santa M^a de Vigo. Deste xeito, a veciñanza conta cun local axeitado para o desenvolvemento de actividades culturais e lúdicas.



PROXECTO BÁSICO PARA AMPLIACIÓN DO CENTRO CÍVICO DE SÉSAMO

Expediente: L17-1920-23-0038

Promotor: Concello de Culleredo

Concello: Culleredo

Investimento: 123.117,97€

Contía subvención: 50.000,00€

Descrición do proxecto:

Este proxecto consiste na ampliación da planta baixa do Centro Social de Sésamo co fin de aumentar a súa superficie útil e mellorar a súa accesibilidade, e incrementar as actividades.



ACTUACIÓN PARROQUIA MEIRÁS: CASA DO POBO, PISTAS DEPORTIVAS E ENTORNO

Expediente: L17-1920-23-0025

Promotor: Concello de Sada

Concello: Sada

Investimento: 84.827,91€

Contía subvención: 33.931,17€

Descrición do proxecto:

O Concello de Sada, con este proxecto, acondiciona e adapta o parque infantil e pista deportiva, co obxectivo de mellorar as condicións destas instalacións e favorecer a realización de novas actividades polos veciños da parroquia de Meirás.



CIRCUITO CROSS E BTT PERMANENTE

Expediente: L17-1920-23-0028

Promotor: Concello de Sada

Concello: Sada

Investimento: 49.746,40€

Contía subvención: 19.898,56€

Descrición do proxecto:

Este proxecto consiste na adecuación dunha parcela situada na parroquia de Mondego para darlle uso como circuíto permanente de cross e BTT e poder celebrar competicións puntuais, ademais de que os cidadáns do concello poidan utilizala acotío.



PROXECTOS NON PRODUTIVOS (ENTIDADES PRIVADAS)

DINAMIZACIÓN NA ZONA RURAL DA COMARCA DE BETANZOS

Expediente: L17-1920-23-0023

Promotor: Cruz Vermella de Betanzos

Concello: Betanzos

Investimento: 44.394,92€

Contía subvención: 39.955,43€

Descrición do proxecto:

O proxecto, promovido pola Cruz Vermella, consiste na adquisición e acondicionamento dunha ambulancia co obxectivo de prestar servizos sociais básicos a colectivos con necesidades específicas, así como prestar servizos preventivos en actividades públicas. O ámbito da actuación ten un carácter supramunicipal



FOMENTO DA INDEPENDENCIA EN PERSOAS CON D.I. MEDIANTE PRODUTOS DE APOIO E USO DAS TICS

Expediente: L17-1920-23-0036

Promotor: H. H. Centro Pai Menni

Concello: Betanzos

Investimento: 3.803,47€

Contía subvención: 3.423,12€

Descrición do proxecto:

Con este proxecto se vai a fomentar a independencia das persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio na súa vida diaria e a través do emprego das TICs se vai a promover a realización de actividades cotiás con maior autonomía.



AMPLIACIÓN E MELLORA DE CENTRO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS

Expediente: L17-1920-23-0019

Promotor: Asociación GATOCÁN

Concello: Coirós

Investimento: 34.617,87€

Contía subvención: 17.308,94€

Descrición do proxecto:

Construción de tres gateiras, pola entidade protectora de animais GATOCAN, necesarias para dar resposta á demanda de acollida de gatos en situación de abandono, ampliando as súas instalacións.



FACILITANDO O ACCESO Á INCLUSIÓN DAS PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO – T.E.A.

Expediente: L17-1920-23-0050

Promotor: Aspanaes

Concello: Culleredo

Investimento: 65.550,00€

Contía subvención: 58.995,00€

Descrición do proxecto:

Proxecto promovido pola Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de A Coruña, consistente na adquisición de 3 furgonetas de 9 prazas co obxectivo de mellorar o servizo de transporte, mobilidade e accesibilidade das persoas usuarias con autismo, así como organizar actividades de ocio.



ACCESO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS DOS MENORES ATENDIDOS NO CENTRO DE DÍA AGARIMO

Expediente: L17-1920-23-0052

Promotor: Terciarios Capuchinos

Ciudad de Muchachos Agarimo


Concello: Arteixo

Investimento: 25.991,57€

Contía subvención: 23.392,41€

Descrición do proxecto:

O Centro de Día Agarimo, promotor deste proxecto, promove a creación dunha aula de informática, unha sala de audiovisuais e instalación dunha rede wifi, co obxectivo facilitar o acceso ás novas tecnoloxías e medios audiovisuais aos menores atendidos pola entidade.



4. Resultados económicos



Resumo da nosa conta de resultados exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2017

OS NOSOS INGRESOS

	2017		2016	
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Actividade propia	7.086,50€	2%	22.776,78€	7%
Ingresos financeiros	0,99€	0%	7,06€	0%
Subvencións e proxectos	278.293,29€	92%	273.906,09€	88%
Subvencións de capital traspasadas ao excedente do exercicio	16.548,03€	6%	14.600,61	5%
TOTAL	301.928,81€	100%	311.290,54€	100%

OS NOSOS GASTOS

	2017		2016	
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Amortizacións	16.807,63€	5%	17.162,26€	5%
Gastos de persoal	180.015,08€	58%	147.754,34€	45%
Outros gastos da actividade *	110.908,14€	36%	158.823,25€	49%
Gastos financeiros	2.869,60€	1%	3.265,34€	1%
TOTAL	310.600,45€	100%	327.005,19€	100%

* Inclúen gastos asociados aos proxectos desenvoltos (Grupos Operativos, Programa Emprande na Biosfera, Rede Eusumo, Iniciativa Xove, Infraestrutura Verde da Área da Coruña, Medida LEADER 2014-2020, Proxecto LIFE Fluvial).

5. Esperamos as túas suxestións



Calquera opinión ou comentario en relación a esta memoria ou a calquera temática vinculada co traballo da Asociación é máis que benvida! Podes escribirnos ao enderezo electrónico info@marinasbetanzos.gal ou facernos unha visita en:

**Asociación de Desenvolvemento Rural
Mariñas-Betanzos**

San Marcos, s/n (Antiga Cámara Agraria, 1º andar)

CP 15318

Abegondo, A Coruña

981 669 541

info@marinasbetanzos.gal

www.marinabetanzos.gal





ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

